

OS TRABALLOS NAS FÁBRICAS E OS SERVIZOS

TEMA 8 CIENCIAS SOCIAIS CEIP DE RIOTORTO CURSO 2019-2020



OS TRABALLOS DOS SECTOR SECUNDARIO

Lembramos que o sector secundario inclúe aqueles traballos que transforman a materia prima en produtos elaborados. As principais actividades deste sector son:

1. A INDUSTRIA- AS FÁBRICAS

A industria é o conxunto de actividades que se realizan para obter un produto industrial. As fábricas son grandes edificios con moitas máquinas que funcionan con enerxía. Os traballadores das fábricas teñen quendas de traballo e horarios fixos de entrada e saída. Son **traballadores especializados** vixiando máquinas....

2. A ARTESANÍA

Os artesáns traballan nos seus talleres, chamados **obradoiros**. Empregan as mans xunto con **ferramentas sinxelas (máquinas simples)** para elaborar produtos a partir da materia prima, pensade nos ferreiros cando fan os coitelos.

3. A CONSTRUCCIÓN

A construción é toda actividade que consiste en facer edificios ou outras construcións coma pontes, túneles, estradas... Para iso empregan distintos materiais, cemento, pedra, ladrillo e aquí atopamos distintos traballadores coma albaneis, arquitectos, enxeñeiros...

[Pincha aquí para ver de novo o vídeo](#)